



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Dereito

Curso Académico: 2017/2018

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	5
3. Plan de Melloras do Centro	41
3.1. Plan de Melloras do curso 2017/2018	41
3.2. Plan de Melloras do curso 2018/2019	41
4. Anexo: Informes de seguimento	61

1. Introducción

A Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela é consciente da relevancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir a existencia de programas formativos, tanto de Grao como de Máster, que dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como punto de referencia a política de calidade da Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito comprométese a elaborar a súa política propia de cara a desenvolver os mencionados programas formativos avalados polo selo de calidade, elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos diversos grupos de interese.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Dereito, correspondente ao curso académico 2017/2018, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, aos títulos impartidos no centro e ao Plan de Melloras do Centro (incluíndo as Accións de Mellora programadas a nivel de centro para o curso 2018/2019), así coma os Informes de seguimento das titulacións impartidas no centro (dispoñibles no enlace web facilitado no Anexo).

Compre destacar que o pasado curso 2017/2018 foi clave no eido da Calidade, xa que ao longo do ano natural de 2017 tivo lugar a Constitución do Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico da Facultade. A proposta inicial do Plan foi aprobada polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico o 14 de setembro de 2017. Entre o 14 de setembro e o 2 de outubro de 2017 fíxose a exposición pública, incluíndo comunicacións específicas aos grupos de interese do Centro: estudantes, profesores, PAS, egresados, comité consultivo do Grao en Dereito e empregadores (tanto do sector público como privado). Rematado o prazo para formular alegacións, o Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, na súa xuntanza de 9 de outubro de 2017 valorou a alegación recibida e aprobou a versión definitiva do documento remitido á Comisión de Docencia e Calidade da Facultade. Dita redacción foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade na súa xuntanza de 10 de outubro de 2017. Posteriormente, foi informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC o 15 de outubro de 2017 e pola Xunta de Facultade de Dereito o 30 de

novembro de 2017. A aprobación final tivo lugar pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o 12 de decembro de 2017.

Neste documento faise unha fonda reflexión sobre as fortalezas e debilidades que ten actualmente o centro e se recollen as principais liñas estratéxicas, cos seus correspondentes obxectivos concretos que deben guiar a xestión da Facultade de Dereito durante os anos vindeiros. Nestas liñas estratéxicas plásmanse os avances nos que se debe traballar e que afectan á propia Universidade, aos estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos do Centro, ao contorno empresarial e das Administracións Públicas así como á sociedade en xeral. As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven están en liña co Plan Estratéxico da USC 2011-2020. Os obxectivos estratéxicos están recollidos no epígrafe **V. Identificación das liñas estratéxicas da Facultade de Dereito**.

O presente documento foi elaborado pola Vicedecana de Calidade e Infraestruturas e RCC (Marta Otero Crespo), co apoio dos coordinadores dos Másteres Universitarios da Avogacía (Lotario Vilaboy Lois), Fiscalidade Internacional e Comunitaria (José Manuel Iglesias Casais) e de Estudos Internacionais (Rafael García Pérez). Esta proposta de Memoria foi presentada e debatida no seo da Comisión de Docencia e Calidade, na súa xuntanza de 8 de maio de 2019, onde se aprobou o seu borrador. Posteriormente, a Memoria foi de novo aprobada pola Comisión permanente, delegada da Xunta de Facultade do centro na xuntanza celebrada na mesma data. Polo que se refire a estrutura do Centro, os títulos impartidos no curso académico 2017/2018 foron os seguintes:

- a. O Grao en Dereito (GD)
- b. O Dobre Grao en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos (DGDRLRH)
- c. O Máster Universitario en Avogacía (MUA, nos campus de Santiago e Lugo)
- d. O Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI)
- e. Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MUFIC).

A documentación de referencia inclúe, ademáis das recollidas no punto **2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade** (Manual do SGIC, Manual de Procesos e Procedementos), a normativa estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de

Compostela, así coma as Memorias do Grao en Dereito e dos respectivos Másteres Universitarios.

Tal e como se recolle no Manual Simplificado do SGIC (versión 3), a Facultade de Dereito decidiu que a súa Comisión de Calidade teña a mesma composición que a Comisión de Docencia, co engadido dos coordinadores dos másteres universitarios oficiais adscritos á Facultade e do responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.

Na actualidade, e de acordo co disposto no artigo 34 do Regulamento de Réxime interno da Facultade de Dereito, a Comisión está composta polo Decano, que a presidirá, as Vicedecanas de Calidade e Infraestruturas e de Organización Académica (segundo a nova estrutura do equipo decanal, sendo a primeira a Responsable de Calidade do Centro), a secretaria da Facultade (que tamén o é da Comisión), os coordinadores das titulacións oficiais adscritas (coordinadores do Grao en Criminoloxía e dos Másteres oficiais), a persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, así coma unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade (en número de doce e distribuídos do seguinte xeito: catro membros do profesorado con vinculación permanente, dous membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación, cinco estudantes de grao e un estudante de Máster ou doutoramento).

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna de Calidade

Con carácter xeral, o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da Universidade de Santiago de Compostela, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e renovación.

A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun sistema de garantía de calidade formalmente establecido e implantado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. O SGIC marco da USC busca propiciar a mellora continua nos centros, permitindo acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e a renovación dos títulos impartidos, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, abrindo o camiño para a acreditación institucional dos centros de conformidade co establecido no RD 420/2015.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental. Posteriormente, a Comisión de Calidade e Planificación aprobou o 3 de outubro de 2014 unha modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC. Tamén neste 2018 aprobouse unha modificación que entrará en vigor en febreiro de 2019, e que afectará os SGICs dos centros.

Polo que se refire á Facultade de Dereito, no ano 2015 (23 de marzo) aprobouse a versión 2.0 do Manual simplificado do SGIC da Facultade de Dereito. A última versión (3.0), foi aprobada pola Xunta da Facultade de Dereito o 29 de marzo de 2016 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC o 13 de abril de 2016 (ambos documentos están dispoñibles na páxina web da Facultade (<http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>)). Anualmente, elaborase e apróbbase a Memoria de Calidade do Centro, como a que agora se presenta, na que se recollen informacións sobre o seguimento do SGIC do Centro así como as accións de mellora asumidas a nivel de Facultade (dispoñibles no mesmo enlace).

Compre salientar que no pasado curso 2017/2018 aprobouse o que hoxe constitúe o noso primeiro Plan estratéxico para a Facultade (2017/2020). A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciado polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, na súa xuntanza de 19 de xaneiro de 2017, tralo acordo da Comisión de Docencia e Calidade do Centro. De cara a realización do diagnóstico estratéxico, e no marco da política de difusión do Plan, formuláronse dúas consultas previas, tanto ao Comité consultivo do Grao en Dereito como a Comisión académica do Programa de Doutoramento en Dereito. A proposta inicial do Plan foi aprobada polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico o 14 de setembro de 2017. Entre o 14 de setembro e o 2 de outubro de 2017 fíxose a exposición pública, incluíndo comunicacións específicas aos grupos de interese do Centro: estudantes, profesores, PAS, egresados, comité consultivo do Grao en Dereito e empregadores (tanto do sector público como privado). Rematado o prazo para formular alegacións, o Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, na súa xuntanza de 9 de outubro de 2017 valorou a alegación recibida e aprobou a versión definitiva do documento remitido á Comisión de Docencia e Calidade da Facultade. Dita redacción foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade na súa xuntanza de 10 de outubro de 2017. As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven están en liña co Plan Estratéxico da USC 2011/2020.

O Plan foi informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC o 15 de outubro de 2017 e pola Xunta de Facultade de Dereito o 30 de novembro de 2017. A aprobación final tivo lugar pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o 12 de decembro de 2017. A súa aprobación constitúe un fito que mostra unha vez máis o compromiso e a aposta decidida que pola Calidade se fai desde o centro desde finais do ano 2015.

Á marxe das melloras que se poidan acometer nos vindeiros meses, os procedementos establecidos na actualidade permiten recoller a información de xeito continuado, a análise dos seus resultados e a súa utilización para a mellora da calidade dos títulos impartidos no centro. O 22 febreiro de 2018 a Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno aprobou unha modificación substancial do SGC que reduce sensiblemente a documentación do sistema. Nesta reunión acordouse un prazo de 1 ano para que a Área de Calidade contactase

con todos os centros e dirixise a adaptación a esta novo sistema polo que este cambio terá lugar nos próximos meses, de acordo coa moratoria establecida sobre a súa entrada en vigor

O curso 2017/2018

O curso académico 2017/2018 transcorriu con absoluta normalidade polo que se refire á política de calidade do Centro, continuándose o proceso de consolidación do SGIC. Ata o de agora, e segundo se desprende das actas das reunións da Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito, os procedementos e procesos asociados establecidos no Manual Simplificado valóranse como axeitados. Malia a este dato positivo, a Comisión de Docencia e Calidade considera tamén que calquera reflexión que poida dar lugar a unha valoración de maior envergadura que conduza a realización de suxerencias de axustes, precisa aínda un maior percorrido temporal e debe acomodarse ao novo SGC da USC.

No curso académico agora analizado continuaron a execución as accións de melloras postas de manifesto nos procesos de renovación da acreditación (no caso do GD e do MUA). Os procesos de control por parte da ACSUG visibilizaron a necesidade de continuar consolidando a política de calidade do centro, pero sobre todo, contribuíron a que distintos grupos de interese (tradicionalmente carentes de sensibilidade neste eido e desconectados *de facto* do SGIC) se comprometesen activamente coa consecución de obxectivos de calidade. Nesta liña, e baixo o paraugas do *Proceso de Planificación*, destácanse tanto a labor do Comité consultivo do GD, así como o labor realizada polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico do Centro. Ademais, tense consituído unha Comisión para o estudo e análise do Plan de estudos do Grao en Dereito, da que se desprendan posibles modificacións do plan de estudos (Comisión para o estudo e valoración do rendemento no Grao en Dereito).

- a) Comité Consultivo do Grao en Dereito: a creación deste Comité foi unha recomendación para a mellora recollida no Informe Final de Renovación da Acreditación do Grao en Dereito. Atendendo a chamada realizada dende o centro, a reunión consitutiva deste Comité tivo lugar en setembro de 2016, pasando a ter a composición que agora se detalla:

1. Gumersindo Guinarte Cabada. Decano da Facultade de Dereito (presidente)
2. Marta Otero Crespo. Vicedecana de Calidade e Infraestruturas da Facultade de Dereito (secretaria)
3. Xosé Antón Sarmiento Méndez. Letrado Maior do Parlamento de Galicia (vogal)
4. Francisco Rabuñal Mosquera. Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (vogal), substituindo a Evaristo Nogueira Pol.
5. José María Graíño Ordóñez. Notario (vogal)
6. Santiago Álvarez González. Xunta de Galicia (vogal)
7. María Luisa Prego de Oliver Loper. Xefa de servizo. Servizo de Asistencia Xurídica do Concello de Santiago de Compostela (vogal)
8. Nuria Palmero Sande. Asesora. Valedor do Pobo (vogal)

- b) Constitución do Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico do Centro: tal e como se recolle máis arriba, a súa primeira xuntanza tivo lugar en xaneiro de 2017. Tralas oportunas xuntanzas, o borrador de PE presentado polo Grupo de traballo xa ten cristalizado no PE da Facultade de Dereito para o periodo 2017/2020, estando nestes momentos en fase de redacción a programación plurianual que o desenvolve.
- c) Constitución da Comisión para o estudo e valoración do rendemento no Grao en Dereito, integrada por representantes das áreas de coñecemento con docencia na Facultade e asociación de estudantes con representación na Xunta do centro.

Outro proceso fonte de preocupacións para o Centro é o de *Medición, Análise e Mellora*. Ven sendo unha constante, reflectida documentalmente tanto nas Memorias de Calidade anteriores, como nos informes de seguimento e renovación da acreditación, a histórica baixa participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción. Por este motivo, téñense adoptado de xeito reiterado distintas accións de mellora encamiñadas a vencer a escasa implicación dos estudantes, profesores, egresados e titores de prácticas externas e que xa empezan a amosar resultados positivos que se agarda consolidar (vid infra).

Mención separada merece a execución das Liñas estratéxicas e correlativos Obxectivos estratéxicos contidos no Plan estratéxico 2017/2020. Cabe lembrar que as liñas estratéxicas definidas na Facultade de Dereito correspóndense coas seguintes: 1. Calidade da docencia; 2. Calidade da investigación; 3. Sistema de Garantía interno de Calidade do Centro (SGIC); 4.

Relacións cos grupos de interese externos; 5. Xestión. Cada unha destas liñas concréntanse en obxectivos estratéxicos, á vez que estes quedan definidos polas correspondentes accións estratéxicas segundo se expresa nos seguintes cadros, nos que se engaden referencias ao seu grao de execución.

LIÑA ESTRATÉXICA 1
Calidade da docencia
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Incrementar a oferta docente de Grao e Posgrao no centro 2. Mellorar as infraestruturas docentes do centro 3. Mellorar o rendemento dos estudantes 4. Mellorar a formación docente dos profesores 5. Mellorar a información dispoñible sobre a inserción laboral dos egresados das titulacións ofertadas no centro
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1
Incrementar a oferta docente de Grao e Posgrao no centro
ACCIÓNS ESTRATÉXICAS
<ol style="list-style-type: none"> A. Implementar o dobre itinerario en Dereito e ADE: non executada ata o de agora B. Implementar o Grao en Criminoloxía: o grao implementouse neste curso 2018/2019 C. Manter e incrementar a oferta de Posgraos: a ampla oferta pódese consultar na web do CEP (http://www.usc.es/es/centros/cep/oferta.html)
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2

Mellorar as infraestruturas docentes do centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Renovar equipamento nas aulas: renováronse aulas e equipos informáticos.
- B. Mellorar a organización das aulas destinadas a docencia interactiva: executada a demanda
- C. Mellora da páxina web do Centro no marco da web da USC: tarefa pendente de completa execución

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.3

Mellorar o rendemento dos estudantes

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar as taxas de rendemento dos nosos estudantes: executada (vide Resultados académicos)
- B. Crear un programa de alumnos orientadores para os alumnos de novo ingreso: execútase a través do programa A Ponte.
- C. Crear un programa de *mentoring* con tutores académicos da Facultade: non executada

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.4

Mellorar a formación docente dos profesores

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Manter as clases de inglés xurídico destinadas aos membros do persoal docente e investigador: organizouse un curso de inglés xurídico para o PDI con recoñecemento do PFID.
- B. Trazar unha folla de ruta para o establecemento de docencia en inglés nalgunhas materias, sempre e cando isto supoña un recoñecemento ó labor docente: non executada.
- C. Promover a organización de cursos de formación docente no marco do PFID da USC: en permanente execución.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.5

Mellorar a información dispoñible sobre a inserción laboral dos egresados das titulacións ofertadas no centro

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Manter o contacto cos empregadores para coñecer e actualizar as necesidades do mercado laboral: en permanente execución, en colaboración cos membros dos Comités consultivos**
- B. Manter o contacto cos alumnos egresados das distintas titulacións impartidas no centro: en execución.**

LIÑA ESTRATÉXICA 2

Calidade da investigación

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1. Visibilizar as actividades investigadoras do PDI**
- 2. Avanzar no proceso de internacionalización da investigación realizada polo noso PDI**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1

Visibilizar as actividades investigadoras do PDI

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Fomentar o rexistro do PDI en ORCID: executada en colaboración co persoal da Biblioteca Concepción Arenal.**
- B. Publicitar no centro as obras publicadas polo PDI: executada grazas a instalación dunha vitrina na que os membros do PDI poden expoñer as súas publicacións.**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2

Avanzar no proceso de internacionalización da investigación realizada polo noso PDI

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Captar recursos (internos ou externos) para o financiamento de cursos de inglés que melloren as competencias lingüísticas do PDI: executada.
- B. Fomentar a internacionalización mediante as relacións con institucións e investigadores estranxeiros: en execución permanente (neste senso, ademais das actividades de ornaización de cursos, congresos, seminarios e conferencias, o programa Erasmus + tamén serve como vía para a conexión con institucións e investigadores estranxeiros).

LIÑA ESTRATÉXICA 3

Sistema de Garantía Interno de Calidade do Centro (SGIC)

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Fomentar a cultura de Calidade no Centro

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Incrementar a participación nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese: en execución permanente (os resultados das AAMM levadas a cabo amosan un incremento na participación).
- B. Divulgar o SGIC: en execución permanente.
- C. Certificar o SGIC: pendente de execución.

LÍNEA ESTRATÉXICA 4.

Relacións cos grupos de interese

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Coñecer as demandas da sociedade no que se refire á formación no eido xurídico
2. Potenciar a oferta de cursos, seminarios e congresos con temáticas atractivas para a sociedade

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1

Coñecer as demandas da sociedade no que se refire á formación no eido xurídico

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Reunións do Comité consultivo do Grao en Dereito: en execución permanente, cunha periodicidade de dúas xuntanzas por curso académico.
- B. Manter o contacto cos empregadores, tanto no eido privado como público: en execución permanente.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.2

Potenciar a oferta de cursos, seminarios e congresos con temáticas atractivas para a sociedade

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Apoiar a organización de cursos, seminarios, xornadas e congresos presentados polo PDI da Facultade cedendo os espazos do centro: en execución permanente.
- B. Celebrar *Rapid response seminars* nos que se debatan recentes reformas legislativas e temas de actualidade: en execución a través dos seminarios da Facultade, nos que se abordaron os seguintes temas. 1. A crise de Cataluña: entre a Constitución e o Código penal (18 decembro 2017); 2. A perspectiva de xénero na creación, na aplicación e na ensinanza do Dereito (14 maio 2018); 3. Redes sociais, noticias falsas e liberdade de expresión: análise xurídica (18 outubro 2018); 4. A dificultade de que a realidade coincida cos nosos desexos: o Tribunal Supremo cambia de criterio a propósito da condición de suxeito pasivo do imposto sobre actos xurídicos documentados nas escrituras de constitución de préstamos con garantía hipotecaria (22 novembro 2018).

LÍNEA ESTRATÉXICA 5.

Xestión

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Reducir a carga de traballo administrativo do PDI
2. Fortalecer a Unidade de Xestión de Centros e Departamentos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.1

Reducir a carga de traballo administrativo do PDI

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Recoñecemento efectivo das labores de xestión realizadas por docentes: non executada por non depender da Facultade.
- B. Buscar fórmulas no marco da USC que conleven a redución da carga administrativa que recae sobre o PDI: non executada por non depender en última instancia da Facultade.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.2

Fortalecer a Unidade de Xestión de Centros e Departamentos

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar e redimensionar os espazos administrativos do Centro: pendente de execución. A implantación do novo Grao en Criminoloxía exixirá no futuro próximo unha redistribución dos espazos e competencias do PAS.
- B. Adaptar a estrutura organizativa de xestión e de servizos á realidade do Centro: pendente de execución.
- C. Elaborar unha programación administrativa anual: en execución polo Xestor do Centro.

Os títulos impartidos no centro

No curso 2017/2018 ofertáronse na Facultade 330 prazas de inicio de estudos, repartidas entre o Grao en Dereito, o Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos e os mestrados en Avogacía (Campus de Santiago e de Lugo), en Estudos Internacionais e en Fiscalidade Internacional e Comunitaria).

A partires de este curso 2018/2019, tamén se oferta na Facultade o Grao en Criminoloxía, que será obxecto de análise nas seguintes Memorias de Calidade.

Oferta e perfil de ingreso

O total de prazas ofertadas aumentouse en 20, ao voltar a impartirse o Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria.

Gráfico 1. Prazas ofertadas Facultade de Dereito (agás MUA)






Gráfico 2: MUA Avogacía





	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Doble Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	-	21,00	37,00	46,00
Grao en Dereito	742,00	887,00	971,00	997,00	967,00	929,00
Máster Universitario en Avogacía [L]	16,00	26,00	-	-	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	35,00	70,00	91,00	128,00	-	141,00
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	14,00	24,00	20,00	-	-	-
Máster Universitario en Dereito Privado	3,00	3,00	-	-	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	44,00	45,00	49,00	39,00	38,00	46,00
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	4,00	11,00	2,00	6,00	1,00	16,00
Total	858,00	1066,00	1133,00	1191,00	1043,00	1178,00

Gráfico e cadro superiores: Matrículas na Facultade de Dereito.

Téñase en conta que os Máster en Dereito das Administracións e Institucións Públicas e o Máster en Dereito Privado xa non se ofertan na Facultade nos últimos cursos.

En canto ao perfil dos estudantes da Facultade de Dereito, tanto no Grao e Dobre Grao como nos mestrados, o 100% do alumnado ten unha nota media de acceso superior a 6. Por estudos, O Dobre Grao exige unha nota meida de acceso por preinscrición de 11, 24, namentres que o Grao sube ata o 10,42. No caso dos mestrados, no curso 2017/2018 o Máster en Avogacía tivo unha nota media de acceso global de 6,78, o Máster en Estudos Internacionais dun 7,35 e o Máster en Fiscalidade internacional e comunitaria, un 6,20.




Gráfico 1: Perfil dos estudantes da Facultade de Dereito (agás MUA)




Gráfico 2: Nota media de acceso por preinscripción MUA

Polo que respecta á procedencia do estudantado, a Facultade de Dereito capta maioritariamente alumnado nacional, supoñendo o alumnado estranxeiro unha porcentaxe pequena que alcanza a súa maior relevancia no MUEI, acadando unha porcentaxe histórica no 30,43 % fronte ao 18,42% anterior (IN08C-PC-05). É MUFIC onde se acada a maior porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (18,75%, segundo o IN09C-PC-05).

En canto á mobilidade do alumnado, a Facultade mantense nunha porcentaxe próxima a do curso 2015/2016, acadando o 5,60% no Grao en Dereito no que se refire á porcentaxe de estudantes enviados a programas de mobilidade – ERASMUS +, SICUE- Séneca, etc. (IN17C-PC-08). Por outra banda, invírtese a tendencia no que se refire a porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade, pasándose do 4,99% de media das titulacións ao 6,37% – GD e MUFIC neste último curso- (IN18C-PC-08).

En canto ás prácticas realizadas polos estudantes ao longo do título, continua a incrementarse a porcentaxe de egresados que realizaron prácticas en empresas e institucións no GD, pasando do 48,75% ao 60,38%; no caso do MUA a porcentaxe é dun 100%, ao ser obrigatorias (téñase en conta que nas demais titulacións do centro non existen as prácticas).

Profesorado

En relación co perfil do profesorado que imparte os diferentes títulos mantense a experiencia investigadora, acadándose o 86,17% no Dobre itinerario, o 93,67% no GD, o 90% no MUEI e o 76,47% no MUA. Destacamos especialmente o caso do MUA, porque pola propia configuración da titulación precisa de profesionais da avogacía e doutras profesións xurídicas alleas á investigación.

Gráfico 1. Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total na Facultade de Dereito (agás MUA)





Gráfico 2. Porcentaxe de PDI con sexenios no MUA



A porcentaxe que supón o profesorado funcionario sobre o total do PDI, mostra unha lixeira baixada, situándose no 60,30%, fronte ao 62,28% do curso 2016/2017 no caso de todas as titulacións excluindo o MUA. No caso do MUA, a porcentaxe acada o 54,76% (IN26M-PS-01).

Resultados académicos

En xeral, os resultados previstos nas memorias de verificación para as taxas de graduación, eficiencia e abandono dos diferentes títulos impartidos na Facultade cúmprense no curso 2017/2018. Ademais, as taxas de rendemento, éxito e avaliación amosan uns resultados satisfactorios que van aumentando curso a curso coa excepción das taxas de graduación e de abandono.

Nos seguintes cadros e gráficas pódese ver a evolución dos diferentes resultados diferenciados para o grao e para os mestrados impartidos na Facultade (neste último caso, a información do MUA achégase de xeito separado).


I. Grao en Dereito e Dobre itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos

1. Taxa de rendemento
2. Taxa de éxito
3. Taxa de avaliación
4. Taxa de graduación
5. Taxa de abandono RD 1393

1. Taxa de rendemento

Código	IN34CG-S01-PM-01
Nome	Taxa de rendemento
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.


	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	-	85,48	80,90	84,58
Grao en Dereito	63,19	69,07	68,67	67,30	69,71	71,68
Total	63,19	69,07	68,67	67,70	70,18	72,46



2. Taxa de éxito

Código	IN35CG-S01-PM-01
Nome	Taxa de éxito
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.


	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	-	92,17	89,44	88,73
Grao en Dereito	79,45	83,76	83,90	84,01	84,99	84,23
Total	79,45	83,76	83,90	84,22	85,19	84,53



3. Taxa de avaliación

Código	IN36CG-S01-PM-01
Nome	Taxa de avaliación
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.


	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	-	92,74	90,45	95,32
Grao en Dereito	79,53	82,46	81,85	80,11	82,02	85,10
Total	79,53	82,46	81,85	80,39	82,38	85,72



4. Taxa de graduación

Código	IN37CG-S01-PM-01
Nome	Taxa de graduación
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso.


	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	-	-	-
Grao en Dereito	0,00	43,78	54,70	48,88	62,86
Total	0,00	43,78	54,70	48,88	62,86



5. Taxa de abandono RD 1393/2007

Código	IN41CG-S01-PM-01
Nome	Taxa de abandono RD 1393/2007
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	-	-	-
Grao en Dereito	0,00	21,69	17,68	24,16	18,29
Total	0,00	21,69	17,68	24,16	18,29



II. Mestrados impartidos no centro¹

¹ Lémbrese que o Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas e o Máster Universitario en Dereito Privado deixaron de impartirse no curso 2015/2016 e 2014/2015 respectivamente.

1. Taxa de rendemento
2. Taxa de éxito
3. Taxa de avaliación
4. Taxa de graduación
5. Taxa de abandono RD 1393/2007

1. Taxa de rendemento

Gráfico 1. Todas as titulacións agás MUA

Código	IN34CM-S01-PM-01
Nome	Taxa de rendemento
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Máster Universitario en Avogacía [L]	100,00	99,45	-	-	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	99,43	95,35	98,59	99,54	-	98,27
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	94,50	85,44	89,09	-	-	-
Máster Universitario en Dereito Privado	0,00	35,00	-	-	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	76,92	77,82	81,79	74,64	80,94	84,51
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	20,51	88,41	50,00	79,59	42,86	35,46
Total	89,33	89,21	92,24	93,56	79,83	88,88





Gráfico 2. MUA

Código	IN34M-S01-PM-01
Nome	Taxa de rendimento
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Total (%)	99,60	96,40	98,59	99,54	99,34	98,27



2. Taxa de éxito

Gráfico 1. Todas as titulacións agás MUA

Código	IN35CM-S01-PM-01
Nome	Taxa de éxito
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Máster Universitario en Avogacía [L]	100,00	100,00	-	-	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	100,00	99,60	99,86	99,69	-	99,95
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	98,10	98,32	100,00	-	-	-
Máster Universitario en Dereito Privado	-	100,00	-	-	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	98,15	96,27	98,64	97,76	96,31	97,28

Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	99,11
Total	99,20	98,79	99,55	99,37	96,36	99,33





Gráfico 2. MUA

Código	IN35M-S01-PM-01
Nome	Taxa de éxito
